

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEAREAS E A ASOCIACIÓN AVELAÍÑA SOBRE O PROXECTO DE POSTA EN MARCHA DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON ENFERMIDADES DE SAÚDE MENTAL

Na Casa Consistorial do **Concello de Ponteareas**, a 14 de outubro de 2022

### REUNIDOS/AS

Dunha parte, a Alcaldesa D<sup>a</sup>. **M<sup>a</sup> CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA** do **CONCELLO DE PONTEAREAS**.

Doutra parte, D<sup>a</sup>. **MARÍA FERNANDA ORDUNA VELA**, con DNI número 32368599D, como representante legal da entidade **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA DE AXUDA ÁS PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL** en adiante " **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA** ", con NIF número **G36298867**

### INTERVEÑEN

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA** na súa condición de Alcaldesa do **CONCELLO DE PONTEAREAS**. Asistida do Secretario, D. Carlos López Quintáns.

**DNA. MARÍA FERNANDA ORDUNA VELA**, actuando en representación da **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA**, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Ámbalas dúas partes recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente contrato e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades, **EXPOÑEN**:

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Que a lexislación vixente sobre convenios reguladores de programas e a Constitución Española recoñecen a igualdade de todos os



españóis no exercicio dos seus dereitos. A garantía é asumida por todas as Administracións Públicas a través de políticas de protección social.

**SEGUNDO.** Que as asociacións desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía, representando os intereses dos cidadáns ante a Administración e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible nas políticas de desenvolvemento, medio ambiente, promoción dos dereitos humanos, xuventude, saúde pública, cultura, ocio e outras de análoga natureza.

**TERCEIRO.** Que **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA** é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxecto principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen enfermidades de saúde mental.

**CUARTO.** Que de acordo cos seus estatutos, os fins básicos de **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA** son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades e programas de difusión e sensibilización social.

**QUINTO.** Que, dentro deses programas, conta cun **“SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN SAÚDE MENTAL PARA PREVIR A EXCLUSIÓN SOCIAL”**, que consiste nun conxunto de actuacións dirixidas a dar resposta ás demandas da poboación en relación á Saúde Mental, mellorando así a súa calidade de vida.

Trátase dun servizo que ven realizando Avelaíña de forma permanente na zona de O Condado e A Paradanta e para o cal, debido a gran demanda de atención derivada pola situación de crise sanitaria do COVID-19, solicitamos colaboración.



O obxectivo deste servizo é informar sobre os diferentes recursos e/ou procedementos vinculados á Saúde Mental, e asesorar ou poñer en contacto co persoal idóneo que poida atender a cada problemática particular, co obxectivo final de *favorecer a integración social das persoas afectadas*. As actividades que se desenvolven son as seguintes:

- Recepción de demandas e recollida de información.
- Información e asesoramento en función da demanda.
- Coordinación con outros recursos.
- Derivación a outros recursos/servizos propios da asociación ou alleos.

O Servizo contempla dúas citas coas persoas usuarias:

- Información: recepción da demanda e información sobre a mesma en relación ao ámbito da saúde mental.
- Asesoramento: busca de alternativas segundo a necesidade e derivación a outros recursos, de ser preciso.

Obxectivos

- Dar resposta á necesidade de información e asesoramento en saúde mental no Concello de Ponteareas.
- Satisfacer a necesidade dun recurso especializado de proximidade no Concello de Ponteareas.



- Actuar en coordinación co Concello de Ponteareas e con outros servizos comunitarios e programas que ofrece o concello.

#### Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarios directas da atención será calquera persoa con necesidades de información en saúde mental, podendo ser persoas con problemas de saúde mental, familiares, persoas coidadoras e profesionais do ámbito sanitario, social e educativo do Concello de Ponteareas. Os/As beneficiarios/as son persoas con Enfermidade Mental, familiares, coidadores, profesionais da saúde e dos servizos sociais, así como calquera persoa de Ponteareas que precise información sobre a Saúde Mental.

Os/As beneficiarios/as indirectos/as serán os diversos axentes sociais e comunitarios da contorna municipal: servizos sociais, centros educativos, centro de saúde, policía local, responsables políticos, veciños e veciñas entre outros, así coma os familiares e o entorno directo das persoas afectadas .

**SIXTO.** Que o **CONCELLO DE PONTEAREAS** é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas no Concello que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o propio **CONCELLO DE PONTEAREAS**.

**SÉTIMO.** Que a prestación de servizos sociais polo **CONCELLO DE PONTEAREAS** ampárase no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Legal; na disposición adicional 4ª da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da



administración local; e no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

En virtude de canto antecede formalizarase o presente convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.** É obxecto do presente convenio, establecer un acordo de colaboración entre o **CONCELLO DE PONTEAREAS** e **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA** para o desenvolvemento do “**SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN SAÚDE MENTAL PARA PREVIR A EXCLUSIÓN SOCIAL**”

**SEGUNDA.** Que a entidade **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA** dispón do persoal necesario para a posta en marcha do convenio. Todo o persoal ligado a **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA** por medio dunha relación contractual ou de calquera outra índole, xa colabore directa ou indirectamente na execución do Servizo do Convenio, dependerá exclusivamente de **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA**, e en ningún caso existirá vínculo de dependencia de ningún tipo entre dito persoal e o **CONCELLO DE PONTEAREAS**.

**TERCEIRA.** Son obrigas de **ASOCIACIÓN AVELAÍÑA** no presente convenio:

1. Aceptar ás persoas beneficiarias (enfermas e familiares) que sexan derivadas pola **Concellería de Benestar Social e Igualdade do Concello de Ponteareas** que poidan ser destinatarios/as de dito programa.
2. Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas na materia.

**QUINTA.** O prazo de execución do presente convenio prolongarase ata o 31 de decembro de 2022.

**SEXTA.** Que o **CONCELLO DE PONTEAREAS** comprométense a financiar o programa cunha achega de **7.450 €**, con carácter **postpagable**.



**SÉTIMA. ASOCIACIÓN AVELAÍÑA** fará referencia expresa á colaboración do **CONCELLO DE PONTEAREAS** nas comunicacións e publicacións que se realicen con motivo deste Convenio.

**OITAVA.** Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

**NOVENA.** Serán causas de resolución deste convenio:

- a.- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b.- O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

E para que así conste, como proba de conformidade, ámbalas partes firman o presente documento por exemplar duplicado e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento.

M<sup>a</sup> Cristina Fernández Davila

Alcaldesa Concello de Ponteareas

M<sup>a</sup> Fernanda Orduna Vela

Presidenta Asociación Avelaíña

O secretario

Carlos López Quintáns

